




*"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"*



EXCLUSIVO
PARA CAZADORES FEDERADOS



MUTUASPORT

En Mutuasport, a mutua dos cazadores, dirixida exclusivamente POR e para os cazadores, sabemos cales son as túas necesidades, por iso ofrecémosche a mellor variedade de seguros de caza

- Seguro de R.C. do cazador
- Seguro de danos propios
- Seguro de R.C. dos cans
- Seguro de R.C. de competicións
- Seguro de R.C. de ganchos e monterías
- Seguro de R.C. para Tecores



Infórmate na túa sociedade,
nunha das oficinas da
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
ou na nosa web

www.federaciongalegadecaza.com

O Comité Organizador resérvase o dereito a modificar o presente programa se circunstancias excepcionais así o aconsellan



XXXIV CAMPIONATO GALEGO PERCORRIDOS DE CAZA

16 e 17 xullo 2022

Campo de tiro "Rio Sar"
Chaián, Trazo (A Coruña)



Federación Galega
de Caza



DEPORTE
GALEGO



COMITÉ ORGANIZADOR

D. JAVIER NOGUEIRA DÍZ

Presidente Federación Galega Caza

D. JOSÉ MARÍA ÁLVAREZ VILLAR

Presidente Provincial Federación Galega de Caza na Coruña

D. JOSÉ LUIS SÁNCHEZ MANCEBO

Presidente Sociedade de Caza 'Río Sar'

D. JOSÉ MOURE CANEDA

Secretario Xeral da Federación Galega de Caza

DIRECTOR DE TIRO

D. JOSE A. PENA FERNANDEZ

Delegado de Tiro da Federación Galega de Caza

COMITÉ DE COMPETICIÓN

Formaranos os Presidentes das Federacións Provinciais de Caza, ou os representantes dos Equipos Provinciais, mailo Director de Competición.

SORTEO DE QUENDAS E DORSAIS

O sorteo de Escuadras e Dorsais realizarase o día 12 de xullo as 9 horas na sede da Federación Galega de Caza.

O Campionato Galego de Percorridos de Caza rexerase polo vixente regulamento da Federación Galega de Caza e Normas Complementarias.

Tanto para participantes como xuíces será imprescindible o emprego de proteccións acústicas e ópticas (art. 8.9 e 8.10).

O campionato disputarase no campo de Tiro denominado Río Río Sar, sito en Vilouchada, Chaián (A Coruña) sobre 150 pratos nas categorías de Home, Muller, Sénior, Veterano, Master, Xuvenís e Tiro Adaptado.

ADVERTENCIA: A lei 3/12, do Deporte de Galicia prohibe a introdución e venda de bebidas alcohólicas nos lugares onde se estean a celebrar probas deportivas. Polo tanto, queda prohibido tanto o consumo como a venda de bebidas alcohólicas dentro do recinto deportivo durante a celebración da proba

DATAS E HORARIOS

16 de xullo de 2022

- Adestramentos oficiais de 11:00 horas a 21:00 horas.

17 de xullo de 2022

- Concentración de participantes no campo de tiro ás 8:00 horas
- Comezo da competición as 8:30 horas

PARTICIPACIÓN E INSCRICIÓN

As inscricións dos Seleccionados Provinciais realizaranse mediante a acta do Campionato Provincial, debendo obrar esta na sede da FGC antes do 12 de xullo. Os participantes deben estar en posesión da tarxeta federativa da Federación Galega de Caza en vigor. Conforme a normativa de competicións da FGC os deportistas que participen en competicións nas que se utilicen armas, deberán dispor de un seguro de R.C. cunhas coberturas mínimas de 600.000 € sen sublímite por vítima.

Para participar é obrigatorio tela documentación en vigor, sendo responsable o participante das consecuencias derivadas do incumprimento desta condición ante calquera eventualidade.

Participarán 65 tiradores oficiais (18 Coruña, 17 Lugo, 13 Ourense e 17 Pontevedra), máis o Campión da edición anterior, e 2 clasificados pola Copa Galicia.

Por libre poderá participar calquera tirador federado que o desexe, debendo inscribirse na FGC antes do 12 de xullo.

PREZO INSCRICIÓN: 70€ HOME, MULLER, SENIOR, VETERANO E MASTER

40 € XUVENIL.

Será Campión Galego o mellor clasificado no campionato autonómico, sempre que participara nun campionato provincial. O nº de prazas da selección galega estará formado por 6 tiradores, 4 da categoría home, clasificados conforme á normativa de competicións da FGC, e 2 tiradores pertencentes a dúas categorías especiais (sénior, donas, xuvenís, veteranos, Master e Tiro Adaptado). Para a elección das categorías especiais tomarase como base aquelas nas que o primeiro clasificado obtivera maior número de pratos escachados no Campionato Galego conforme á normativa de competicións da FGC.